



# PLAN DIXITAL

## CEIP

# MENÉNDEZ PELAYO

## LUGO

*Versión 1.0 – Xuño de 2022*



# Índice do Plan Dixital

## 1.Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución do PD ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

## 2.Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais.
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

## 3.Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

## 4.Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

## 5.Difusión do PD



## 1. Introducción

### 1.1. Datos básicos do centro

- CEIP Menéndez Pelayo de Lugo - 27016467  
Rúa Serra de Outes S/N  
27003 Lugo  
Telf: 982870452
- Correo electrónico: [ceip.menendez.pelayo@edu.xunta.gal](mailto:ceip.menendez.pelayo@edu.xunta.gal)
- Centro integrante da REDE GALEGA DE EDUCACIÓN DIXITAL dende novembro de 2021.
- web:  
<http://www.ceipmenendezpelayo.es/>
- web aloxada no servidor da CCEU:  
<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmenendezpelayo/>
- Etapas educativas: Infantil con 6 unidades e Primaria con 13 unidades.
- Nº de alumnado: 450
- Nº de profesorado: 35 (27 con destino definitivo)
- Espazos comúns:
  - Aula de Informática
  - Biblioteca
  - Aula de Música
  - Salón Usos Múltiples
  - espazos exteriores de lecer
  - Polideportivo e Ximnasio

### 1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución do PD ao Proxecto Educativo do Centro

#### • Características socioeconómicas e culturais do contexto do centro.

O CEIP Menéndez Pelayo é un centro público que imparte Educación Infantil e Primaria, situado no barrio do Castiñeiro, ao noroeste da cidade de Lugo.

Este barrio foise ampliando nos últimos anos, debido á construción de edificacións máis modernas e equipadas que conviven con vivendas máis antigas en canto á súa infraestrutura.

O centro é de liña 2, e para o presente curso o número de alumnos escolarizados é maior que o curso anterior, concretamente 450. Repartidos da seguinte maneira: 148 na etapa de Infantil e 318 na etapa de Primaria.

As familias que escolarizan aos seus fillos no noso CEIP son a maioría autóctonas do barrio ou familias que se achegaron a vivir a esta zona procedentes doutros barrios da cidade, ou de diversos concellos da provincia aínda que estes últimos anos, comeza a ser significativo o número de familias procedentes doutros países e culturas (provindo a maioría de Romanía ou da República Dominicana ademais de alumnado de etnia xitana). Todas elas con diferentes situacións, familiares, económicas e sociais que fan patente a presenza dun número de alumnos que acusan baixo rendemento escolar, actitudes, aptitudes, motivacións e intereses e coñecementos moi heteroxéneos.

O CEIP Menéndez Pelayo está adscrito ao IES Leiras Pulpeiro.



### ● **Incardinación e contribución do PD ao Proxecto Educativo.**

O PD xurde dos obxectivos enmarcados no PE e estará reflectido nel.

Alguns dos proxectos enmarcados no PE relacionados co PD son:

DIGICRAFT

E-DIXGAL

PLAMBE

SECCIÓN BILINGÜES

### ● **Contribución do PD á Programación Xeral Anual do curso 22/23.**

Os obxectivos que marca o centro no PD e a súa relación cos diferentes proxectos van estar secuenciados nas diferentes programacións didácticas do profesorado dentro da PXA do curso 22/23 xa que esta articula anualmente o PE.

### **1.3. Breve xustificación do mesmo**

Contextualización normativa en relación co Plan Dixital no noso centro:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art.132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022
- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.

### **1.4. Proceso de elaboración**

A organización e o proceso de elaboración do PD dentro do Equipo de Dinamización do Plan Dixital foi a seguinte:

- a. Creación do equipo de dinamización entre todo o Claustro que quixo participar voluntariamente.
- b. Nomear persoa coordinadora.
- c. Inscripción de todo o equipo no PFPP creado para tal fin.
- d. Asistencia ás formacións polas persoas mentoras ADIX no PFPP
- e. Asistencia a cantas reunións foron precisas sempre coa presenza da persoa ADIX.
- f. Entre as tarefas desenvolvidas foron: concienciar ao Claustro da importancia da súa colaboración, análise do DAFO, debates internos sobre diferentes ítems que poderían levar a enganar, concretar necesidades,... e resto de accións recollidas neste plan dixital.



## 2. Situación de partida

### 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais.

#### • **Infraestrutura dixital do centro**

Conectividade por cable en todas as aulas e espazos educativos.

Infraestruturas de voz nos espazos administrativos.

Conectividade por wifi, instalada con recursos propios do centro, practicamente en todo o colexio agás na aula de Informática e aula de Música.

#### • **Equipamento dispoñible e identificación dos usos segundo as seguintes categorías**

- Todas as aulas **NON** E-Dixgal contan con conexión a internet por ethernet, proxector, encerado dixital e un ordenador obsoleto con Windows. Os ordenadores das aulas de Infantil e de primeiro a cuarto de Primaria necesitan actualizarse e/ou renovarse.
- Os proxectores de 4 aulas de Infantil e dos actuais terceiros e cuartos de Primaria están no final da súa vida útil.
- Existe unha aula de Informática con 14 ordenadores totalmente inservibles, e 9 ordenadores coa maqueta Abalar operativos adquiridos polo centro.
- A aula de Música conta cun portátil con Windows e un proxector no final da súa vida útil.
- Na Sala de Mestres existe un PC con Windows obsoleto.
- Na biblioteca existe dous PC, un con Windows actualizado e outro obsoleto.
- Os equipos de xestión e administración están totalmente operativos con Windows para uso da Secretaría, Xefatura de Estudos, Dirección, Departamento de Orientación e Administración.
- Existen TRES espazos específicos para docencia con alumnado con NEAE. Dúas contan con conexión cableada, proxector e encerado dixital en perfecto estado. Unha dela NON dispón de ordenador e a outra o PC está obsoleto. A terceira aula só ten conexión á rede.
- O ximnasio conta cun proxector en perfecto estado de funcionamento.

#### • **Servizos dixitais educativos**

- Sitio web do centro: [www.ceipmenendezpelayo.es](http://www.ceipmenendezpelayo.es) dende a web accedese a todos os servizos dixitais dos que dispón o centro así como a todos os protocolos relacionados coas TIC están aí difundidos.
- Aula virtual no proxecto webdinámicas.
- E-Dixgal
- Abalarmóbil

#### • **Xestión do mantemento do equipamento do centro**

Equipamento E-Dixgal desenvolto polo servizo Premium e a coordinadora, resto de equipamento a cargo do coordinador TIC e/ou mentor ADIX do centro.



## 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

- Autoavaliación SELFIE: resumo das áreas do informe SELFIE

Áreas SELFIE	Perfiles	Medias das respostas
A. Liderado	👤 Equipo Directivo	2.8
	👤 Profesorado	1.9
	👤 Alumnado (só 5º e 6º EP)	-
B. Colaboración e redes	👤 Equipo Directivo	3.0
	👤 Profesorado	2.0
	👤 Alumnado (só 5º e 6º EP)	3.6
C. Infraestruturas e equipos	👤 Equipo Directivo	2.8
	👤 Profesorado	2.1
	👤 Alumnado (só 5º e 6º EP)	4.0
D. Desenvolvemento profesional continuo	👤 Equipo Directivo	3
	👤 Profesorado	2.6
	👤 Alumnado (só 5º e 6º EP)	-
E. Pedagogía: Apoios e recursos	👤 Equipo Directivo	2.8
	👤 Profesorado	3.8
	👤 Alumnado (só 5º e 6º EP)	-
F. Pedagogía: Implementación na aula	👤 Equipo Directivo	3.0
	👤 Profesorado	3.4
	👤 Alumnado (só 5º e 6º EP)	3.6
G. Prácticas de avaliación	👤 Equipo Directivo	2.3
	👤 Profesorado	2.4
	👤 Alumnado (só 5º e 6º EP)	-
H. Competencias dixitais do alumnado	👤 Equipo Directivo	3.2
	👤 Profesorado	2.1
	👤 Alumnado (só 5º e 6º EP)	4.0



- **Test CDD:** resultados do informe grupal do noso centro.

<b>Participación segundo perfil do profesorado (Táboa 1.3. do informe grupal do TestCDD)</b>			
	<b>Nº profesorado que participa</b>	<b>Nº profesorado total</b>	<b>% participación</b>
<b>DEFINITIVO</b>	16	26	61,5%
<b>PROVISIONAL</b>	2	4	50%
<b>INTERINO</b>	1	4	25%
<b>SUBSTITUTO</b>	2	4	50%
<b>OUTROS</b>	2	3	66.7%

<b>Puntuación e nivel de competencia do centro (Táboa 2.1. do informe grupal do TestCDD)</b>			
<b>Puntuación media do test (sobre 192)</b>	<b>Nivel de competencia</b>	<b>Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)</b>	<b>Nivel de competencia en Galicia</b>
66,7	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

<b>Puntuación e nivel de competencia por etapas (Táboa 2.2. do informe grupal do TestCDD)</b>				
	<b>Puntuación media do test (sobre 192)</b>	<b>Nivel de competencia</b>	<b>Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)</b>	<b>Nivel de competencia en Galicia</b>
<b>E.I.</b>	49,8	Explorador/a (A2)	66,2	Integrador/a (B1)
<b>E.P.</b>	70,7	Integrador/a (B1)	77,3	Integrador/a (B1)

<b>Distribución do profesorado por niveis (Táboa 2.3. do informe grupal do TestCDD)</b>		
	<b>Total profesorado no nivel de competencia</b>	<b>% de profesorado participante neste nivel</b>
<b>A1</b>	1	4,3%
<b>A2</b>	10	43,5%
<b>B1</b>	10	43,5%
<b>B2</b>	2	8,7%
<b>C1</b>	-	-
<b>C2</b>	-	-
<b>TOTAL</b>	23	100%



### 2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TestCDD e postas en común do equipo dinamizador do Plan Dixital, o centro xerou unha análise DAFO que é de utilidade para a análise de situación e para a elaboración das liñas fundamentais do noso Plan Dixital.

Recollemos nas seguintes táboas os ítems finalmente incluídos en cada categoría, facendo referencia aos códigos do informe SELFIE que se relacionen con cada ítem (de ser o caso).

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS - EQUIPAMENTO	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. A infraestrutura dixital nas aulas edixgal apoia o ensino e a aprendizaxe con tecnoloxías dixitais (C1-C2).</li> <li>2. Acceso a internet en todas as aulas tanto por ethernet como por wifi (C3).</li> <li>3. A asistencia técnica está dispoñible no noso centro cando xurdan problemas coas tecnoloxías dixitais só en aulas edixgal – servizo premium (C5).</li> <li>4. Existen dispositivos dixitais do proxecto edixgal que o alumnado utiliza e leva para a súa casa (C8-C10).</li> <li>5. Dispoñemos de servizos educativos corporativos (web, aula virtual, videoconferencia, correo electrónico...) para difundir información sobre o centro educativo virtual e participamos en actividades formativas individuais organizadas pola administración educativa para actualizar as competencias dixitais do profesorado (PE1).</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. A infraestrutura dixital das aulas non edixgal e espazos comúns non é adecuado para desenvolver procesos de ensino e a aprendizaxe con Tecnoloxías dixitais. Non existe unha zona de traballo específica, con material axeitado para o uso do profesorado (fóra das aulas/titoría) (C1-C2).</li> <li>2. Dispositivos dixitais para a aprendizaxe obsoleto no centro, como por exemplo: incompatibilidade software PDI e ordenador o que anula o uso interactivo da PDI - Imposibilidade de escribir na PDI manualmente - Problemas técnicos frecuentes: o profesorado non sabe solucionar pequenos problemas técnicos (C1-C2).</li> <li>3. A asistencia técnica NON está dispoñible no noso centro cando xurdan problemas coas tecnoloxías dixitais nas aulas NON edixgal e resto de espazos educativos (C5).</li> <li>4. Non existen sistemas de protección de datos (C7).</li> <li>5. Non existen dispositivos dixitais propios ou xestionados polo centro e que o alumnado pode utilizar cando os precise fóra do equipamento edixgal (C8-C10).</li> <li>6. Os espazos físicos NON facilitan o ensino e a aprendizaxe coas tecnoloxías dixitais. As aulas son moi reducidas para tanto alumnado e non existen espazos comúns axeitados (C14).</li> <li>7. O alumnado con necesidades educativas Especiais NON ten acceso ás tecnoloxías de apoio (C15).</li> <li>8. Non existen, no noso centro, repositorios ou bibliotecas en liña que conteñen materiais de ensino e aprendizaxe (C16).</li> </ol>
	PERSOAL DOCENTE	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Boa disposición, tolerancia e respecto entre o profesorado do centro. Existen debates e reflexión sobre as vantaxes e inconvenientes de ensinar e aprender coas tecnoloxías dixitais. Motivación intrínseca por aprender principalmente polo profesorado comprometido na elaboración e deseño do PD (B2).</li> <li>2. O claustro conta co apoio do equipo directivo para o DPC (desenvolvemento profesional continuo) Interese do profesorado na creación de contido audiovisual co alumnado con diferentes artefactos dixitais móbiles (D1-D2).</li> <li>3. Os docentes intercambiamos experiencias dentro do centro sobre a docencia con tecnoloxías dixitais. Presenza no claustro de profesorado competente dixitalmente con propostas de proxectos en innovación tecnolóxica. Interese do profesorado na creación de contido audiovisual co alumnado con diferentes artefactos dixitais móbiles (D3).</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Carga lectiva moi alta con insuficiente tempo para que os docentes podan explorar novas modalidades de ensino no ámbito dixital (A4).</li> <li>2. Non avaliamos o noso progreso no ensino e na aprendizaxe coas tecnoloxías dixitais (B1).</li> <li>3. Non existe colaboración con outros centros para apoiar o uso das tecnoloxías dixitais nin cultura de traballo colaborativo en redes por parte do profesorado (B4).</li> <li>4. Dificultade de uso da aula virtual nos curso ata 4º de educación Primaria (E3).</li> <li>5. Escaso uso das tecnoloxías dixitais para avaliar as competencias do alumnado e non se utilizan para que o alumnado reflexione sobre a súa aprendizaxe nin poden levar a cabo comentarios sobre o traballo dos seus compañeiros. (G1-G5-G6).</li> <li>6. Non recibimos axuda para utilizar as tecnoloxías dixitais con fins de avaliación (G7).</li> </ol>





	<p>4. Facilitade para buscar recursos en liña e crealos (E1-E2).</p> <p>5. Existe unha aula virtual xeral e a aula virtual dixital totalmente operativas (E3).</p> <p>6. Utilizamos as tecnoloxías dixitais para a comunicación relacionadas co centro educativo e usamos recursos dixitais en aberto (E4-E5).</p> <p>7. Utilizamos as tecnoloxías dixitais para adaptar o método de ensino ás necesidades individuais do alumnado: fomentar a creatividade, motivación, colaboración e traballo interdisciplinar (F1-F3-F4-F5-F6).</p> <p>8. Empréganse as tecnoloxías dixitais para proporcionar unha retroalimentación adecuada aos estudantes (G3).</p> <p>9. Valoramos as competencias dixitais que o alumnado desenvolveu fóra do centro educativo (G10).</p>	<p>7. Non facilitamos ao alumnado o uso das tecnoloxías dixitais para documentar a súa aprendizaxe nin utilizamos datos dixitais sobre estudantes individuais para mellorar a súa experiencia de aprendizaxe (G8-G9).</p> <p>8. Maioritariamente empregamos novas tecnoloxías pero cun nivel de utilización moi dispar (ATIC1).</p>
<b>PERSOAL NON DOCENTE</b>	Conserxe sempre disposto a colaborar co claustro.	---
<b>ALUMNADO</b>	<p>1. O alumnado aprende a actuar con seguridade e responsabilidade en internet (H1-H3).</p>	<p>1. O alumnado NON aprende a comprobar se a información que atopa en internet é fiable e precisa nin aprende a resolver problemas técnicos que se presentan ao utilizar as tecnoloxías dixitais (H4-H13).</p> <p>2. O alumnado NON aprende a dar crédito ao traballo doutras persoas que atoparon en internet, nin a crear contidos dixitais, nin a comunicarse mediante as tecnoloxías dixitais nin a programar e codificar (H6-H7-H8-H11).</p> <p>3. Non se garante que os estudantes desenvolvan habilidades dixitais para as diferentes materias (H10).</p>
<b>FAMILIAS</b>	---	---
<b>OFERTA</b>	<p>1. Somos conscientes e coñecedores das diferentes modalidades formativas para o profesorado: presencial, en liña, a través da cooperación e que contribúen ao desenvolvemento profesional a través de redes profesionais da formación interna e programas acreditados (DPC1-2-3-4-6-8).</p>	<p>1. O alumnado NON aprende a comprobar se a información que atopa en internet é fiable e precisa nin aprende a resolver problemas técnicos que se presentan ao utilizar as tecnoloxías dixitais (H4-H13).</p> <p>2. O alumnado NON aprende a dar crédito ao traballo doutras persoas que atoparon en internet, nin a crear contidos dixitais, nin a comunicarse mediante as tecnoloxías dixitais nin a programar e codificar (H6-H7-H8-H11).</p> <p>3. Non se garante que os estudantes desenvolvan habilidades dixitais para as diferentes materias (H10).</p>
<b>ORGANIZACIÓN DECENTRO</b>	<p>1. Promóvese o uso de software libre e a participación en actividades de formación axustándose ás nosas necesidades (PE2-PE3).</p> <p>2. O equipo directivo coñece a normativa en materia de adquisición de equipamento informático dos centros educativos (PE4).</p> <p>3. Somos coñecedores das vantaxes do software libre no ámbito educativo e dispoñen e facemos uso deste tipo de ferramentas no centro se se adaptan ás nosas necesidades (PE5).</p> <p>4. O centro conta con dispositivos dixitais propios que necesitan renovarse (PE5).</p>	<p>1. Non existe unha estratexia dixital e o equipo directivo non involucra ao claustro na estratexia dixital (A1).</p> <p>2. O profesorado non se implica na elaboración do PD, só participan 7 docentes de 34, e non conta co apoio do equipo directivo á hora de probar novas formas de ensinar con medios audiovisuais coa presenza de voz e imaxe de alumnado (A3).</p> <p>3. Non contamos con medidas para identificar as dificultades que xorden coa aprendizaxe mixta, relacionadas coas necesidades de aprendizaxe do alumnado e o seu contexto socioeconómico (C11).</p> <p>4. Non temos un plan para axudar aos profesores a afrontar os retos que supón a aprendizaxe mixta, relacionados coas necesidades de aprendizaxe dos estudantes e a súa orixe socioeconómica (C12).</p> <p>5. No noso centro o alumnado NON pode levar os seus propios dispositivos portátiles e utilízalos durante as clases (C13).</p>



		EXTERNOS	OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	<ol style="list-style-type: none"> <li>Actualización e renovación de equipamento dixital para a aprendizaxe obsoleto no centro (C1-C2).</li> <li>Asistencia técnica, didáctica e mentorización no propio centro por docente do centro competente dixitalmente disposto a desenvolvela coa liberación horaria correspondente: solicitar recursos humanos e materiais. As TIC no ensino provocan traballo extra: imprescindible tempo no horario para adicar a esas tarefas (C5).</li> <li>Formación dixital continua no propio centro o profesorado é consciente da necesidade de cambios nas metodoloxías. O interese de algún docente por aprender e implementar as TIC no proceso de ensino-aprendizaxe (D1-D2-D3).</li> <li>Queremos usalas e somos conscientes das vantaxes de empregar a tecnoloxía con solvencia para a preparación das clases, impartición de clases, retroalimentación, apoio e comunicación (SMT1-2-3-4).</li> <li>Formar parte da rede dixital galega e ter no centro o mentor adix.</li> <li>A posibilidade de organizar horarios para elaborar e implementar tarefas dixitais axeitadas ao alumnado, para traballo en equipo e intercambio de experiencias internas con dispositivos dixitais.</li> <li>Organización do centro tendo moi presente o PD que xunto ao proxecto de dirección, PEC e PXA son fundamentais para a vida diaria no centro.</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>Imposibilidade de mercar tecnoloxía con recursos propios axeitada ás nosas necesidades (A1).</li> <li>Formación ofrecida pola administración improdutivo por excesiva burocracia e traballo extra que non axudan a formarnos (D1-D2-D3).</li> <li>Carga lectiva elevadísima sen tempo para formación (D).</li> <li>Moita burocracia vs pouca pedagogía (F).</li> <li>Excesiva carga lectiva e rateos elevados (F-G-H)</li> </ol>	
	LEXISLACIÓN	<ol style="list-style-type: none"> <li>Elaboración dun plan de acollida para o novo profesorado, así como un plan de integración, mentorización e apoio ao profesorado para implementar as tecnoloxías. Integrando a lexislación sobre tratamento de datos referente ao audiovisual que afecta á nosa comunidade educativa. Descoñecemento dos recursos materiais reais do centro e a súa dispoñibilidade (deseñado dentro dunha estratexia dixital de centro) (A1).</li> <li>Coñecemos e respectamos as licenzas de autor (A5).</li> <li>Regular o uso de dispositivos persoais no centro tanto do alumnado como do profesorado (C13).</li> <li>Definir horario para o desenvolvemento da coordinación TIC que sairá deste PD.</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>Cambios lexislativos constantes: Lexislación confusa sobre tratamento de datos audiovisuais dos/as menores. Coñecemento e uso axeitado sobre a lexislación acorde os dereitos de autor e licenzas de uso así como o tratamento e uso da imaxe-voz do alumnado (A-D-F-G).</li> </ol>	
	CONTORNA	<ol style="list-style-type: none"> <li>Creación de canles colaborativas e asesoramento entre o profesorado do noso centro e da contorna: Crear un banco colaborativo de centro (ou nivel) con recursos en entornos dixitais e tecnolóxicos, organizados por niveis e áreas e baseados en criterios didácticos e metodolóxicos coa súa correspondente planificación e avaliación (B-E).</li> <li>Hai docentes que están na vangarda de novas tecnoloxías para introducir nos procesos de ensino e aprendizaxe: algúns docentes son moi competentes dixitalmente e poden enriquecer ao centro artellando tempos e organizando horarios (ATIC1).</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>Escaso equipamento dixital no fogar e escaso uso da tecnoloxía no fogar con fins educativos (UTIC1-3).</li> </ol>	
	ANPA	---	---	
	OUTRAS ENTIDADES		<ol style="list-style-type: none"> <li>Non utilizamos tecnoloxías dixitais á hora de colaborar con outras organizacións ou entidades (B3).</li> </ol>	



### 3. Plan de Acción

O Plan de Acción para o noso centro nace a partir da análise DAFO e da observación obxectiva do día a día no desenvolvemento do traballo docente.

Convidouse a todo o Claustro en diferentes ocasións para que colaborasen tanto na enquisa SELFIE, como no testCDD e na elaboración do DAFO.

O noso plan de acción é un plan cun horizonte de dous cursos para que estea totalmente implementado e poidamos desenvolver a CD do alumnado con garantías de éxito.

Os obxectivos están contextualizados a áreas de mellora en relación coas áreas do marco común do DigCompOrg.

Concretamos ata onde queremos chegar para cada un dos obxectivos e con que elementos. Información que reportan os indicadores e os seus valores de partida e de chegada.

Determinamos as accións para conseguir cada obxectivo, elixindo as persoas responsables das mesmas, acordamos unha organización temporal e determinamos os recursos necesarios.

Tal e como queda reflectido no noso DAFO e o interese amosado polas persoas docentes colaboradoras neste documento destacamos a necesidade de elaborar un protocolo que sente os procedementos para o uso da imaxe das persoas menores con fins educativos, programados e avaliados polas persoas docentes. Esta situación é a principal ameaza para o noso labor docente, polo que é imprescindible definila no marco lexislativo tanto de protección do menor e datos como no marco curricular das etapas de educación Infantil e Primaria.

Consideramos que esta é unha oportunidade inmejorable para concretar as diferentes accións e procesos de ensino-aprendizaxe empregando metodoloxías activas para a creación de produtos multimedia por parte do alumnado.

A partir da definición desta estratexia dixital, e para o vindeiro curso 2022-23, fixémonos na actualización, renovación e adquisición de artefactos dixitais que acompañen as nosas metodoloxías así como na actualización da web corporativa do centro.

Deixamos para o curso 2023-24 como grandes obxectivos contar cun docente especialista no desenvolvemento profesional pedagóxico-didáctico e con amplos coñecementos técnicos para prestar apoio docente e técnico in situ así como continuar investigando novas metodoloxías coas tic na práctica docente.

Grandes retos cos que nos poñemos xa.

2022/23	2023/24	2024/25
A1		A4
C1-C2-C8		C5
		D



ÁREA/S DE MELLORA		A-LIDERADO				
OBJECTIVO 1	Elaborar un protocolo para crear produtos multimedia con imaxe, vídeo e/ou son dentro da estratexia dixital do centro. (A1)	Acadado				
		Non acadado				
Responsable	Equipo dinamización TIC encabezado pola persoa coordinadora.					
INDICADOR/ES DO OBJECTIVO	Protocolo creado e divulgado					
Valor de partida	Existe un borrador protocolo que necesita actualizarse.					
Valor previsto	Existencia dun protocolo adaptado á nosa realidade	Data Prevista	Finais Maio 2023			
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO.1.1: Nomear a persoa coordinadora, con asignación horaria, e integrantes do equipo de dinamización TIC.	Persoa directora	Setembro 2022	Claustro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO.1.2: Elaborar dossier co profesorado que ten programado crear produtos multimedia co alumnado.	Persoa coordinadora TIC	15 outubro 2022	Claustro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO.1.3: Desenvolver formación no PFPP sobre lexislación ao respecto e nomear coordinador/a.	Director Persoa coordinadora PFPP	Nadal 2022	Claustro Servizo formación profesorado Experto/a lexislación		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	



DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
<b>A0.1.4: Elaborar protocolo para crear produtos multimedia co alumnado.</b>	Docentes asistentes ao PFPF	2º Trimestre curso 2022-23	Claustro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>A0.1.5: Difusión do protocolo á Comunidade Educativa.</b>	Persoa coordinadora	Abril 2023	Espazo web e as diferentes canles de comunicación do centro.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>A0.1.6: Explicación do protocolo a todas as familias e/ou titores/as legais do alumnado.</b>	Equipo directivo Persoa coordinadora	Abril-Maio 2023	Nas titorías no centro.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	



<b>ÁREA/S DE MELLORA</b>		<b>C – INFRAESTRUTURA E EQUIPOS</b>				
<b>OBXECTIVO 2</b>		Actualizar e/ou renovar os dispositivos dixitais do profesorado (C1-C2)			Acadado	
					Non acadado	
<b>Responsable</b>		Persoa coordinadora TIC				
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO</b>		Cantidade de dispositivos actualizados e/ou renovados				
<b>Valor de partida</b>		Ningún dispositivo actualizado e/ou renovado				
<b>Valor previsto</b>		100% dos dispositivos actualizados e/ou renovados		<b>Data Prevista</b>	15-06-2023	
<b>ACCIÓNS A DESENVOLVER</b>						
DESCRIPCIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
<b>AO.2.1: Nomear a persoa coordinadora, con asignación horaria, e integrantes do equipo de dinamización TIC.</b>	Persoa directora	Setembro 2022	Claustro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>AO2.2: Inventariar e avaliar o estado do equipamento dixital do centro.</b>	Persoa coordinadora	Nadal 2022	Persoa coordinadora Claustro Parte de incidencias e estado		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>A02.3: Actualizar e/ou propoñer renovación do equipamento dixital de aula non Abalar a nivel hardware.</b>	Persoa coordinadora	Nadal 2022	Persoa coordinadora		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	



DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
<b>AO2.4: Actualizar coa maqueta Abalar libre o equipamento dixital de aula nivel software.</b>	Persoa coordinadora	Febreiro de 2023	Persoa coordinadora		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>AO2.5: Avaliación necesidade de formación básica imprescindible sobre infraestrutura do centro e maqueta Abalar libre.</b>	Xefatura de estudos	Outubro de 2022	Claustro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>AO2.6: Organización formación básica imprescindible sobre infraestrutura do centro e maqueta Abalar libre.</b>	Persoa coordinadora de formación Director	Outubro de 2022	Claustro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>AO2.7: Actualizar e/ou propoñer renovación do equipamento dixital da aula de informática a nivel hardware e software coa maqueta</b>	Persoa coordinadora	Fin de curso 2022-23	Persoa coordinadora		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	



<b>ÁREA/S DE MELLORA</b>	<b>C. INFRAESTRUTURA E EQUIPOS</b>						
<b>OBXECTIVO 3</b>	Adquirir dispositivos dixitais para a aprendizaxe (C8-C10)				Acadado		
					Non acadado		
<b>Responsable</b>	Administración educativa						
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO</b>	Número de equipos adquiridos						
<b>Valor de partida</b>	Ningún						
<b>Valor previsto</b>	5 por aula no mellor dos casos.			<b>Data Prevista</b>	Xuño 2024		
<b>ACCIÓNS A DESENVOLVER</b>							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN		ESTADO	
<b>A03.1: Elaborar dossier con recomendación de equipamento dixital en función do obxectivo 1 deste PD.</b>	Equipo dinamización TIC	Outubro 2023	Equipo dinamización			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
<b>A03.2: Solicitar á CCEU dispositivos dixitais ou orzamento para adquirilos</b>	Equipo directivo	Novembro 2023	CCEU			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
<b>A03.3: Crear espazo na AV con apps que se van a empregar nas creacións audiovisuais.</b>	Persoa coordinadora TIC	Tan pronto estea o equipamento no centro	Claustro Persoa coordinadora Aula Virtual			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	





DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
<b>A03.4: Mentorizar ao Claustro no uso das apps</b>	Persoa coordinadora TIC. Docente competente dixitalmente	Tan pronto estea o equipamento no centro	Persoa coordinadora Servizo Formación profesorado		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>A03.5: Memoria e/ou divulgación dos traballos creados nas canles de comunicación do centro</b>	Equipo dinamización TIC	Todos os cursos	Equipo dinamización		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	



<b>ÁREA/S DE MELLORA</b>	<b>D. Desenvolvemento profesional continuo</b>					
<b>OBXECTIVO 4</b>	Actualizar e participar na canle de comunicación corporativa vía web do centro (PE4)			Acadado		
				Non acadado		
<b>Responsable</b>	Dirección					
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO</b>	Actualización do sitio web					
<b>Valor de partida</b>	Sitio web aloxado en servidor non corporativo					
<b>Valor previsto</b>	Actualización do sitio web corporativo no proxecto webs dinámicas		<b>Data Prevista</b>	Xuño 2024		
<b>ACCIÓNS A DESENVOLVER</b>						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
<b>AO4.1: Solicitar formación no proxecto websdinámicas: drupal</b>	Dirección	Setembro 2023	Claustro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>AO4.2: Definir e crear perfis responsables para actualizar o sitio web</b>	Equipo dinamización	Outubro 2023	Claustro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	



<b>ÁREA/S DE MELLORA</b>	<b>A - LIDERADO, C - INFRAESTRUTURA e D - DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL CONTÍNUO</b>					
<b>OBXECTIVO 5</b>	Incrementar os postos de traballo docente para desenvolver con éxito o PDC (A4, C5 e D)			Acadado		
				Non acadado		
<b>Responsable</b>	Recursos humanos da CCEU					
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO</b>	Nomeamento persoa docente					
<b>Valor de partida</b>	Non existe persoal docente con dedicación exclusiva					
<b>Valor previsto</b>	Un docente con dedicación exclusiva		<b>Data Prevista</b>	Setembro 2024		
<b>ACCIÓNS A DESENVOLVER</b>						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
<b>A05.1: Definir ás funcións da persoa coordinadora TIC</b>	Equipo dinamización e equipo directivo	3º Trimestre 2023-24	Equipo dinamización		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>A05.2: Nomear persoa coordinadora TIC con competencia dixital suficiente</b>	Equipo directivo	3º Trimestre 2023-24	Equipo dinamización		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>A05.3: Solicitar á CCEU persoa docente substituta da persoa coordinadora TIC</b>	Equipo directivo	Abril de 2024	Persoa coordinadora		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	



### 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Todas as aulas non E-Dixgal están equipadas con proxector, encerado dixital e ordenador de sobremesa. Ese equipamento foi mercado polo centro e/ou doado por diferentes editoriais. Na maioría dos casos os proxectores son de cinema NON aptos para á aprendizaxe no colexio. É urxente dixitalizar esas aulas con taboleiros interactivos, que non fagan sombras cando o alumnado está traballando nel, e ordenadores actuais tal como recomenda a UE do que debe ser unha aula dixitalizada así como cubrir todo o centro con WIFI. Detallamos por etapas xunto coa xustificación o material necesario para dixitalizar o CEIP Menéndez Pelayo.

Necesidades de equipamento no CEIP Menéndez Pelayo – Lugo	
Equipamento aulas de Educación Infantil	Uso
<ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>5 TABLETAS</b></li> </ul>	<p>Múltiples son as propostas didácticas existentes para o uso da tableta para traballar o currículo, proporciona así oportunidades para:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● <b>TRABALLO INDIVIDUAL E COLECTIVO:</b> as emocións, a comunicación, a discriminación visual e auditiva, a música, conceptos básicos, vocabulario, secuencias, linguaxe e lectoescritura,... Por exemplo con diferentes apps ou plataformas (genially, Canva,...), escape rooms, facendo uso da gravación dun conto ou actividade, creación de contos, realidade aumentada, creación de murais e taboleiros virtuais,...</li> <li>● Incluso <b>CREAR UN RECUNCHO ESPECÍFICO (LÚDICO)</b> na aula para o uso da tableta con fins educativos a través de xogos e actividades interactivas. Recuncho que ampliaría os que xa temos na aula (biblioteca, construcións, casaña,...)</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>ENCERADO DIXITAL INTERACTIVA TÁCTIL</b></li> <li>- <b>PROXECTOR</b></li> <li>- <b>ALTAVOCES</b></li> </ul> <p>(ter en conta <u>compatibilidade de software</u> e a hora de colocalo que <u>non produza sombras</u> o proxector) (que se poda <u>traballar tanto de forma táctil como con rotulador da PDI</u>)</p>	<p>Múltiples son as propostas didácticas existentes para o uso da PDI para traballar o currículo, proporciona así oportunidades para:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● <b>TRABALLO INDIVIDUAL E COLECTIVO:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Como ferramenta de apoio na explicación dun contido determinado co uso de recursos máis dinámicos e variados a través dun vídeo, audio, sitios web, ...</li> <li>- Presentación de traballos do alumnado de forma colaborativa favorecendo a autoconfianza e o desenvolvemento de habilidades sociais.</li> <li>- Reforzando e atendendo a diversidade da aula (apps, plataformas,...) como medio de apoio e reforzo na súa aprendizaxe.</li> <li>- Como ferramenta avaliadora (edilim, jclíc,...)</li> <li>- Como creadora de propios recursos,...</li> </ul> </li> <li>● Incluso <b>CREAR UN RECUNCHO ESPECÍFICO (LÚDICO)</b> na aula para o uso da PDI con fins educativos a través de xogos e actividades interactivas. Recuncho que ampliaría os que xa temos na aula (biblioteca, construcións, casaña,...)</li> </ul>



<ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>MESA DE LUZ</b> (tamaño grande ou en A3, neste último con posibilidade de ter máis dunha debido a que ocupan menos espazo)</li> <li>- <b>MATERIAL:</b></li> <li>✓ TANGRAM TRASLÚCIDO.</li> <li>✓ LETRAS TRANSPARENTE S E OCAS ASÍ COMO NÚMEROS.</li> <li>✓ DIFERENTES PLANTILLAS: FORMAS, ANIMAIS, CORPO,...</li> <li>✓ ROTULADORES ESPECIAIS</li> </ul>	<p>Múltiples son as propostas didácticas existentes para o uso da mesa de luz para traballar o currículo, proporciona así oportunidades para:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● <b>TRABALLO INDIVIDUAL E COLECTIVO:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Explorar e descubrir así como fomentar a súa curiosidade, motivación e imaxinación. A vez que estimula a integración sensorial, a observación e a atención.</li> <li>- Desenvolvemento do pensamento libre (favorecendo o xogo libre e consecuentemente a imaxinación e a creatividade)</li> <li>- Desenvolvemento lóxico-matemático (conteo, formas xeométricas, quebracabezas,...)</li> <li>- Relaxación e disfrute.</li> <li>- Manipulación.</li> <li>- Lecto-escritura: compoñer palabras, escritura e grafía,...</li> <li>- Coordinación motriz xa que require o perfeccionamento de habilidades de motricidade fina e de coordinación óculo-manual (cosido de letras e números,...)</li> <li>- Ampliación de vocabulario.</li> <li>- Efecto foco: centra a atención, incrementa os tempos de concentración, fonte de motivación.</li> <li>- Imitación.</li> </ul> </li> </ul> <p>Estimulación sensorial (cores, manipulación de fariña, auga, terra, pinturas,....</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Experimentación cromática (mestura de papeis, acetatos...)</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>CÁMARA FOTOGRÁFICA</b> <b>CÁMARA DE VÍDEO</b> CON GIMBALS (mellor que trípode para evitar vibracións)</li> </ul>	<p>Múltiples son as propostas didácticas existentes para o uso da cámara fotográfica e de vídeo para traballar o currículo, proporciona así oportunidades para:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● <b>TRABALLO INDIVIDUAL E COLECTIVO:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Realización de actividades como bailes, recitais,... traballando a comunicación e a expresión do alumnado.</li> <li>- Observación da evolución dos traballos así debuxos, grafismos,...., é dicir, como ferramenta avaliadora.</li> </ul> </li> <li>● Incluso <b>CREAR UN RECUNCHO ESPECÍFICO (LÚDICO)</b> na aula para o uso da cámaras con fins educativos a través de xogos, exploración, investigación,...</li> </ul> <p><b>IMPORTANTE:</b> Permite ademais a nivel do centro sacar fotografías o alumnado e múltiples traballos para subir as plataformas dixitais do centro evitando o emprego de dispositivos móbiles persoais.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>ROBOT DE CHAN PROGRAMABLE</b></li> </ul> <p><b>OPCIÓN 1: CLEMENTONI-DOC 55176,7 O NUEVA VERSIÓN SUPER DOC</b></p> <p><b>OPCIÓN 2: BEE BOT</b></p>	<p>Múltiples son as propostas didácticas existentes para o uso do robot para traballar o currículo, proporciona así oportunidades para:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● <b>TRABALLO INDIVIDUAL E COLECTIVO:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Permite exercitar a memoria, as comandas, a linguaxe de dirección e a iniciación a programación de accións.</li> <li>- Aprender a programar, codificación e pensamento lóxico.</li> <li>- Aprender letras, números e razoamento lóxico.</li> <li>- Como ferramenta avaliadora.</li> </ul> </li> </ul> <p>Incluso <b>CREAR UN RECUNCHO ESPECÍFICO (LÚDICO)</b> na aula para o uso dos robots con fins educativos a través de xogos, exploración, investigación,...</p>



<p>- <b>XOGOS DE CONSTRUCCIÓN DE PEZAS ENCAIXABLES</b> (BÁSICOS, EN MADEIRA OU MAGNÉTICOS)</p>	<p>Múltiples son as propostas didácticas existentes para o uso dos xogos de construcións para traballar o currículo, proporciona así oportunidades para:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● <b>TRABALLO INDIVIDUAL E COLECTIVO:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Resolver conceptos matemáticos como a simetría, equilibrio ou proporcións.</li> <li>- Diferenciar as diversas formas xeométricas.</li> <li>- Desenvolver a imaxinación e a creatividade.</li> <li>- Como ferramenta avaliadora.</li> </ul> </li> </ul> <p><b>AMPLIAR O RECUNCHO ESPECÍFICO DA AULA DE CONSTRUCCIÓN (LÚDICO)</b> con fins educativos a través de xogos, exploración, investigación,...</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>PLÁSTIFICADORA</b></li> <li>- <b>PISTOLAS</b></li> <li>- <b>PLOTTERS DE CORTE</b></li> </ul>	<p><b>IMPORTANTE:</b> Debido o pouco espazo na aula paréceme máis factible nunha aula de almacenamento ou na posible aula dos Polos Creativos. Ademais permítese que faga uso toda a Comunidade Educativa.</p>
<p><b>Equipamento Aulas Educación Primaria de 1º a 4º</b></p>	<p><b>Usos</b></p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>● 1 tableta ou portátil para cada catro alumnos.</li> <li>● webcam de aula</li> <li>● Taboleiros interactivos con ordenador.</li> </ul>	<p>Traballo habitual de aula coas tic para o desenvolvemento da CD do alumnado.</p>
<p><b>Equipamento Aulas Educación Primaria de 5º a 6º</b></p>	<p><b>Usos</b></p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>● Impresora 3D</li> <li>● Cinco tabletas (unha por equipo)</li> <li>● 5 Kit de electrónica básico</li> <li>● 5 kits de robótica (10 - 12 anos)</li> <li>● Croma</li> <li>● Sistema de gravación de audio e vídeo (para a elaboración de produtos multimedia)</li> </ul>	<p>Traballo habitual de aula coas tic para o desenvolvemento da CD do alumnado.</p>
<p><b>Equipamento Aula de Música</b></p>	<p><b>Usos</b></p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>● Ordenador portátil</li> <li>● Canón proxector</li> <li>● Encerado dixital.- a actual non funciona.</li> <li>● Torre de son ou equipo similar que permita a conexión de varios portos USB, dun micro, auriculares, lector de CD...</li> <li>● Micrófono para usar co equipo.</li> </ul>	<p>WIFI na aula: actualmente soamente dispoño de internet por cable. Os alumnos que utilizan E-dixgal non poden usar os seus ordenadores, o que limita as actividades e condiciona a metodoloxía.</p>



Equipamento Aulas Valores/PT/AL/Relixión Evanxélica	Usos
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Portátil</li> <li>• EDI</li> <li>• Proxector</li> <li>• Tabletas (1 para cada catro, en NEAE 1 por alumnado/a)</li> </ul>	Traballo habitual de aula coas tic para o desenvolvemento da CD do alumnado.
Equipamento Sala de Mestres/as	Usos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>2 ORDENADORES</b></li> <li>- <b>2 IMPRESORAS</b></li> </ul> <p>(CONEXIÓN DOS ORDENADORES A IMPRESORAS directamente sen ter que facer uso de memoria USB)</p>	<p>Permite traballar a todo o profesorado nas diferentes horas lectivas sen ter que facer uso dos seus dispositivos persoais para elaborar material para o alumnado así como a procura de información,...</p> <p><b>IMPORTANTE:</b> Se existe unha boa conexión as impresoras existentes non é preciso facer uso de memorias USB como ata agora)</p>
Equipamento Aula Informática	Usos
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Taboleiro interactivo</li> <li>• 8 ordenadores</li> <li>• Croma</li> <li>• Equipo gravación multimedia con tableta, trípode, luces,...</li> </ul>	Uso compartido



## 4. Avaliación do plan

As táboas do plan de acción, segundo a súa temporalización, colgaranse no taboleiro da Sala de Profesores/as e na web do centro. Segundo se vaian acadando os diferentes obxectivo e accións, ou non, marcaranse na mesma coas cores indicadas na táboa.

O procedemento de seguimento e avaliación do Plan Dixital en relación co grao de consecución de obxectivos será nos seguintes contextos:

- No contexto da **avaliación procesual**, a frecuencia da súa realización está marcada nas accións do plan de acción, será como mínimo unha vez ao trimestre, nas diferentes sesións de avaliación valorando o estado do PD e os aspectos a valorar, que serán, como mínimo, o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.  
Ao empregar unha táboa a cores podemos facer un seguimento visual.
- No contexto da **avaliación final** mediante os correspondentes instrumentos, a frecuencia da súa realización, será como mínimo unha vez ao ano, e os aspectos a valorar, que serán, como mínimo, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

A non consecución de accións e obxectivos así como propostas de mellora contarán co correspondente plan de acción para futuros cursos de ser o caso.

## 5. Difusión do plan

A difusión do Plan Dixital do Centro será da seguinte forma:

- a. No propio Claustro, na sesión de información ao mesmo.
- b. No Consello Escolar, na sesión de información e aprobación.
- c. Información ao persoal non docente do centro, a través da Secretaria.
- d. Publicidade e difusión do plan dixital entre toda a Comunidade Educativa a través da web do centro.
- e. Información ás familias nas titorías dos diferentes cursos así como nas reunións conxuntas.